

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE VIVENDAS BALEIRAS NO ÁMBITO DO PLAN GALEGO DE REHABILITACIÓN, ALUGUER E MELLORA DO ACCESO Á VIVENDA 2015-2020

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2018

REUNIDOS


Dunha parte, o Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante, IGVS), con CIF Q6550004C e domicilio en Santiago de Compostela (A Coruña) Polígono de Fontiñas, Área Central, s/n, representado por Dna. Ethel María Vázquez Mourelle, Conselleira de Infraestruturas e Vivenda, nomeada polo Decreto 123/2015, do 4 de outubro (DOG nº 190, do 5 de outubro), en virtude das atribucións que lle confire a súa calidade de Presidenta do IGVS, segundo o artigo 4 do Decreto 97/2014, de 24 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica do IGVS (DOG nº 147, do 5 de agosto).

Doutra parte, D. Alfredo L. García Rodríguez, Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (en diante, Fegamp), nomeado na Asemblea Xeral da Fegamp celebrada o 30 de outubro de 2015, exercendo as atribucións que os estatutos lle confiren por razón do seu cargo.

As partes declaran a plena vixencia das facultades coas que actúan e recoñécense capacidade legal suficiente para outorgar a presente Addenda ao Convenio e

MANIFESTAN

I. O 3 de maio de 2016 o IGVS e a Fegamp asinaron un convenio para o desenvolvemento do Programa de vivendas baleiras no ámbito do Plan galego de rehabilitación, aluguer e mellora do acceso á vivenda 2015-2020.



Este Programa de vivendas baleiras persegue promover o uso de vivendas desocupadas, outorgando aos propietarios que as incorporan ao mesmo unha serie de garantías, tanto xurídicas como económicas, recollidas nas pólizas de seguro formalizadas a tal efecto polo IGVS, *“para cada unha das vivendas arrendadas durante os anos 2016 e 2017 ao abeiro do citado programa”*, segundo establece a cláusula terceira do citado Convenio.



II. O IGVS considera necesario estender as obrigas asumidas na cláusula terceira para cada unha das vivendas que sexan arrendadas durante os anos 2018 e 2019. Esta ampliación temporal das obrigas asumidas polo IGVS realízase co obxecto de dar cobertura ás vivendas que se incorporen ao programa nas citadas anualidades, o que require da sinatura dunha addenda ao convenio de 3 de maio de 2016.

Polas razóns anteriores, as partes comparecentes acordan formalizar a presente addenda ao convenio de colaboración asinado o 3 de maio de 2016, de tal xeito que a súa cláusula terceira pasa a ter o seguinte contido:

“En aras a facilitar o cumprimento das obrigas asumidas pola Fegamp, o IGVS obrígase a poñer a súa disposición toda a información que este organismo lle requira en relación as bases de funcionamento do Programa de Vivendas Baleiras.

Así mesmo, e aos efectos de colaborar cos concellos na implantación do programa de Vivendas Baleiras, o IGVS, para cada unha das vivendas arrendadas durante os anos 2016, 2017, 2018 e 2019 ao abeiro do citado programa, dará de alta os seguintes seguros:

- 1. Un seguro multirrisco do fogar, polo que quedarán cubertos todos aqueles danos sufridos pola vivenda durante a vixencia do arrendamento.*
- 2. Un seguro da garantía do cobro da renda nas mensualidades impagadas polos arrendatarios e a asistencia e defensa xurídica dos arrendadores nos procesos de desafuzamento ou reclamacións de cantidade por impago de rendas, que inclúa como mínimo os honorarios de avogado e dereitos e suplidos de procurador, cando a súa intervención sexa preceptiva, gastos notariais e de outorgamento de poderes para preitos e*



gastos de execución procesual. A garantía do cobro das rendas impagadas non poderá superar o período máximo de doce mensualidades.

A garantía prestada a través dos seguros terá unha duración máxima de tres anos, a contar desde a formalización do correspondente contrato de arrendamento.

A efectos de dar uniformidade á cobertura prestada polos citados seguros, a contratación dos mesmos corresponderá ao IGVS”.


Así mesmo, a Cláusula Quinta, referida ao contido económico, modifícase co seguinte contido:

“O IGVS asumirá o aboamento das correspondentes primas das pólizas que sexa necesario contratar para proporcionar as coberturas referidas na cláusula terceira con cargo á aplicación orzamentaria 08.80.451A.224, prevista nos orzamentos do IGVS para o ano 2016, acadando un importe total máximo de 690.294,30 € para o período de catro exercicios orzamentarios, 2016, 2017, 2018, 2019, nos que estará vixente o Convenio.

Para os efectos de dar cobertura aos seguros sinalados na cláusula terceira durante os anos 2019, 2020 e 2021, o IGVS adquirirá compromisos económicos ata o límite máximo de 52.752,00€ no total das tres anualidades.

Este importe terá carácter limitativo, non podendo subscribirse novos contratos de seguro sen que exista crédito axeitado e suficiente para financiar as obrigas derivadas dos mesmos.”

E en proba de conformidade, asinan esta addenda ao Convenio asinado o 3 de maio de 2016 por duplicado no lugar e data arriba indicados.

Polo IGVS

Ethel Mª Vázquez Mourelle

Pola Fegamp

Alfredo L. García Rodríguez

FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS
Presidencia